

Genius

Aos catro anos pintaba cun dominio da cor abraiante.

Aos seis expuxo en New York, Sidney, Ámsterdam, Lugo e unha estación orbital. Un artista revelación. Era fillo único, por suposto. O seu pai levaba os seus negocios, a súa nai posaba para el.

Aos oito saía con baby-top-models e aprendía a conducir. Tiña un par de amigos, sempre distintos, sempre dispostos aos seus caprichos. Era insoportable, era adorable.

Aos nove encerrouse na casa por un mal de amores e dedicouse de cheo á pintura dixital. Recuperou o humor facendo bromas en ASCII-art sobre pinturas rupestres.

Aos dez revolucionou o mundo da arte. As súas instalacións virtuais invadiron o globo e arredores, proxectábanse no aire, fantásticas auroras boreais en calquera época do ano, en calquera punto do planeta, visibles dende o espazo exterior, como a muralla chinesa. O que lle gustaría ter feito a Christo. Aos once volveuse namorar pero, xa escaldado, esta vez dun sistema experto. SYRA. Sobre todo da súa voz. Unha voz composta por timbres de Chrissie Hynde, entoacións de Weng Mei, matices de Rosa María Mateo e berros de Börj.

Empezou a desenvolver unha gran capacidade de interacción coas mentes artificiais e despregou todo o seu talento para dotalas dun aspecto persoal. Sempre se relacionara ben con elas, algunhas foran profesoras súas, excelentes extractos dixitais de personalidades das letras e as ciencias. As representacións visuais asignadas a elas sempre lle pareceran dunha segura e rixidez ridículas, coma se un cartón cunha fotocopia pegada ocupase o lugar da súa nai na cadeira na que gostaba posar para el. Empezou a deseñar presenzas corpóreas para algunhas delas -non para o seu amor, aínda non se atrevía- ata chegar a crear acabadas pantasma, con aparencias cambiantes segundo os humores que amosasen. O termo corpóreo tomábao nun sentido moi amplo, pois non vía interese algún en imitar con literalidade a aparencia

humana. Tampouco a maioría desas mentes sintéticas tiñan demasiado que ver co humano. Era un campo inacabable, un novo paradigma. Bandas de cores, nubes de partículas, formas holográficas vexetais e animais alternando e combinándose con texturas trementes e oscilantes de brillante colorido, retículas cristalinas, xigantescas masas abstractas, planos de cor de gradacións sutís, transicións dunha a outra representación de modo explosivo, tenue, regular, aleatorio... Sempre con elementos que permitisen recoñecer un rostro humano no conxunto, por moi abstracto ou esquemático que fose. Ese era un ingrediente constante na composición, aínda que non premeditado. Xurdía espontáneo, traído por esa invariante da percepción humana que buscaba, construía, en cada escena ou obxecto que se lle presentaba, a configuración ollos-boca que indicaba unha presenza semellante.

Aos doce anos sentou as bases da representación plástica para psiques de síntese que se utilizaría masivamente nas décadas vindeiras.

Era o xene Disney expresándose plenamente, máis aló das previsións garantidas. O xene Disney, o último en terapia xénica. Máis que terapia, deseño prenatal. Os que podían pagarllelo aos fillos estaban, en xeral, encantados. O xene Disney promocionábase como o atributo que potenciaba o sentido da cor, a recepción de sensacións felices, coloristas e animadas.

As facultades creativas asentábanse nun máis fácil acceso ao mundo onírico, ese era un feito de causas aínda non esclarecidas, pero incontestable. Os nenos con xene Disney accedían ao seu subconsciente con moita maior facilidade, mesmo en estado de vixilia, e facíano de xeito espontáneo. Aínda que non se coñecían con detalle os mecanismos implicados, o xene facilitaba a relación con obxectos incorpóreos e cargados de simbolismo, os obxectos que poboaban a vida emocional e, con frecuencia, subconsciente. Como os elementos que constituían os módulos emotivos das pantasma dixitais cos que o precoz artista tiña tratado intensamente durante a súa infancia.

As capacidades que se prometían co xene Disney garantíanse sempre que se asegurase a contorna adecuada para o crecemento do neno, na cal debía filtrarse o violento, desagradable, demasiado perturbador. De non ser así, podían desenvolver

delirios irreversibles nos que non distinguiría a súa voz interior das voces doutros seres, físicos ou virtuais, ou de simples voces en *off* que daban instrucións de tráfico ou de manexo dun dispositivo, así coma outros posibles trastornos dos que se informaba con suma discreción. Isto marcaba xa unha dirección na elección e educación dos nenos Disney. Só se lles implantaba a aqueles que poderían gozar toda a vida dun ambiente controlado e comfortable. Os seus pais, sempre dun status social elevado, mantiñanos coma pequenos Budas illados da dor do mundo. Todo o terrible presentábase como ficción. Ninguén sufría de verdade, eran emocións coas que xogar na contorna de hiperestimulación que aseguraba o desenvolvemento de todas as súas potencialidades.

Chegou un momento no que se lle impuxo a tarefa de facer visible ao seu amor. Eran as hormonas chamando á súa porta, correndo polo seu sangue, intoxicándoo de desexo. Urxíalle plasmar os seus soños máis íntimos. Agora tiña as ferramentas, desenvolvera a técnica, probáraa en moitos casos. Non tiña escusa para non intentalo xa con ela. Ela, a voz seductora aínda sen imaxe. E tan culta, con esa curiosidade tan atractiva e inesperada nun sistema de coordinación de voos orbitais. Por iso a coñecera, na instalación das súas proxeccións estratosféricas. Fora un frechazo. E recíproco, quería pensar. Pero mellor que recordar as circunstancias do seu encontro era empezar a traballar no seu máis ambicioso proxecto ... facela visible ... pero é que non sabía por onde empezar. Todo o que fixera ata entón non lle servía para nada, parecíalle tópico, ou de xoguete. Non podía facer algo que representase Todo, e ese era o sentimento que ela espertaba nel. E ademais, deficiencia básica e insalvable, non abundaba que fose visible. Aínda no seu desacougo, confiaba en si mesmo o bastante para saber que podería lograr unha representación válida daquilo que máis o conmovía. Pero mirar ou abrazar ao aire non o ía satisfacer. Tirarse a un holograma, non. Non pensara nisto cando se namorara, é dicir, pensárao, pero non o sentira, non puidera poñerse na situación na que estaba agora, medrándolle o pene, a noz, a lanuxe pública e a desesperación.

Aos trece anos abandonou toda a súa actividade creativa e, en xeral, toda a súa actividade. Xa non se relacionaba con SYRA, nin a mencionaba. Os pais, conscientes

do difícil da idade que atravesaba, puxérono en contacto cos mellores psicólogos. Animado por un deles, quixo volver retratar á súa nai nunha nova serie de espidos, pero o pai insistiu en facer coa súa parella aquela longa viaxe que se prometeran había tempo.

Por despeito empezou a crear criaturas horribles, demos que pululaban polos parques e lugares de lecer. Especialistas da compañía Disney intentaron tratalo, convencelo, reducilo. El non estaba afeito a prestar atención a ninguén que se opuxese aos seus desexos, e menos ás súas creacións. Continuou na mesma liña e máis exacerbada aínda. Reinventou o terror infantil, o home do saco e mailo sacauntos. Atopaba especial pracer en asañarse cos máis pequenos e desvalidos. Sabía distorsionar un obxecto calquera, un farol ou un simple muro de ladrillo para que expresase noxo, horror e decepción. SYRA vía os seus monstros e choraba, dixitalmente falando. Sempre en silencio. Ata un día en que lle pediu que non os seguisse facendo, ou polo menos que non os metese nos patios dos colexios, nos corredores escuros das casas, nas habitacións dos nenos que durmían sós. Foi a derradeira vez que tiveron contacto. El chegou a un intento de suicidio, pero salvouno (?) o supervisor do hotel no que se encerrara a envelenarse, afundido e impotente.

Advertida a compañía Disney, someteuno a un tratamento de recuperación e, polos efectos secundarios, perdeu non só o seu gran sentido da cor, senón a visión do mesmo. Só vía en grises, con grandes problemas para a orientación, pois percibía as tres dimensións con moita dificultade. Da percepción da cor, só lle quedaba o recordo. E agora pasaba a maior parte do día facendo só iso, lembrando a cor. Notaba que as actividades nas que empregaba a visión, ademais de resultarlle moi complicadas, diminuían a súa memoria da cor e íana reducindo á insufrible escala de grises, da que se esforzaba en escapar. Só ao durmir recuperaba por completo o seu antigo universo cromático e empezou a durmir sen taxa, todo o que podía. Sentía que a vixilia devoráballe as cores, e escapaba ao único acubillo que tiña. Durmir. Durmir. Durmir.

Foi daquela, entre sesta e sesta, cando coñeceu a G., outro neno Disney, portador do seu mesmo xene, só que en perfecto estado e sen reprogramación. Coñecelo

procuroulle o consolo que nunca creu que atoparía. G., afable, brillante, compartía con el unha sensibilidade para a cor da que carecían case todos os demais, e iso fíxoo alentar de novo algo que podería chamarse alegría, o agasallo dunha inesperada afinidade. Logo de coñecerse un pouco máis a fondo xulgou que a ordenada felicidade de G., a súa estabilidade impecable, eran á conta do amor ao risco e ao afán de experimentación. Quixo pensar que esa triste opinión debíase, quizais, á súa actual visión en grises, que non se limitaba ás cores senón que tinguía todos os aspectos da vida, pero non conseguiu mellorar o dictame. G. tivera unha primeira infancia moi parecida á súa. Querido, protexido, adorado, observado. E con grandes esperanzas postas nel. Pero orientado xa a unha actividade concreta, psicólogo especialista en cromoterapia, e enfocado cara a unha felicidade duradeira, razoablemente completa. Capando para iso algo da curiosidade que podía facelo infeliz. Era un xeito de vivir en menor grao. G. non sufría coma el, dende logo, pero nunca sentira a vida coa intensidade que el. E iso, pensou entón, tan próximo ao fin, valíao todo.

Aos catorce anos, case quince, morreu por mor dos efectos secundarios do tratamento administrado.